

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE 3º DE OBOE, CUADRIMESTRE VI
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015 do 29 de outubro)
CURSO 2020-2021

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTRUMENTO VI										
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN					ITINERARIOS:	ÓBOE			
CARÁCTER:	MATERIAS OBRIGATORIAS ESPECÍFICAS					TIPO DE CLASE:	INDIVIDUAL			
DEPARTAMENTO:	VENTO MADEIRA					XEFE DE DPTO.:	ISMAEL VAQUERO			
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Ismael Vaquero Baquero			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1'5H
ECTS/CUAD.	-	-	-	-	-	10	-	-	Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS					EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA		
	Ismael Vaquero Baquero					ismaelvaquero@edu.xunta.es		Venres 11.00-12.00 h.		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxia principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E1, E2, E4, E5, E6, E10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Interpretar un repertorio de obras de diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.	T1, T6, T13, T17, X1, X3, X6, X8, X11, X13, E11, E12, E14, E15, E110
2. Acadar autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc...	T1, T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3, X8, X11, X13, X21, X24, E11, E12, E14, E15, E16
3. Coñecer as convencións interpretativas de cada estilo e época.	T1, T13, T17, X1, X3, X8, X11, X13, E11, E14, E15, E110
4. Adestrar a memoria.	T1, T3, T6, T13, T15, X1, X8, X21, X24, E12, E15
5. Coñecer e practicar os diferentes instrumentos da familia do óboe	T1, T3, T13, X1, X6, X8, X11, E11, E14
6. Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a rendabilidade do tempo empregado.	T1, T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3, X8, X13, X21, X24

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Interpretación	1.1. Sonoridade/columna de aire 1.2. Vibrato 1.3. Desenrolo do mecanismo 1.4. Rasgos interpretativos dos estilos muicais. 1.5. Autoaprendizaxe como parte principal da formación do intérprete.. 1.6. Sesións de repaso ou apoio	6+5 Parciais 2
2. Análise musical aplicada	2.1. Contextualización estilística e histórica do material a interpretar. 2.2. Análise formal aplicada. 2.3. Análise harmónica aplicada.	5 Parciais
3. Estudio do repertorio con instrumento acompañante.		1
4. Estudio dos instrumentos afíns		2 (incluídas en parciais epígrafe 1)
5. Coñecemento dos principais compositores, escolas e tendencias da creación musical.		3 Parciais
6. Desenvolvemento da memoria musical.	6.1. Memorización de exercicios técnicos. 6.2. Memorización de pasaxes musicais. 6.3. Memorización de obras ou movementos	11 Parciais
7. Audición Pública	7.1 Interpretación en público das obras e/ou estudos traballadas en clase e propostas polo profesor.	2
TOTAL SESIÓNS:		16
<p>Adaptación ao ensino mixto. No caso no que as audicións públicas coincidan con período de ensino non presencial, os alumnos afectados poderán quedar exentos. Poderase dar a opción de facer audición en directo por medios telemáticos ou por gravación.</p> <p>Adaptación ao ensino non presencial. A partir da data na que sexa efectivo o ensino non presencial, quedará anulado o contido relacionado co estudio do repertorio con instrumento acompañante, podéndose propoñer actividades de carácter analíticas encamiñadas a facilitar, posteriormente, a práctica do repertorio con pianista acompañante. Poderanse realizar audición públicas en directo, por medios telemáticos.</p>		

5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN			
ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
1. Actividades introductorias.	2		2
2. Actividades de ensino aprendizaxe 2.1. Propostas para asimilar aspectos técnicos non resoltos dende a autonomía do alumno 2.2. Confección de cañas	14	32	46
3. Actividades de consolidación 3.1. Retomar estudos e obras para consolidar os aspectos traballados	6	32	38
4. Práctica individual		178	178
5. Pescuda de información		4	4
6. Actividades complementarias e extraacadémicas 6.1. Audicións públicas 6.2. Cursos e Masterclases	2	30	32
TOTAL HORAS:			300
<p>Adaptación ao ensino mixto. As horas correspondentes ás sesións que non se poidan realizar no centro serán realizadas a través de aplicacións telemáticas, ben en clase telemática presencial en directo, se os medios tecnolóxicos o permiten, ou no seu defecto por entrega de gravación das actividades propostas polo profesor. Neste último caso a gravación será enviada ao profesor a lo menos 2 horas antes do horario da súa clase. As actividades realizadas telemáticamente relacionaranse principalmente con propostas para asimilar ou desenrolar aspectos técnicos, actividades de reforzo e/ou actividades de memorización. Posteriormente, retomando as clases presenciais, darase prioridade durante o mesmo número de sesións realizadas telemáticamente ás actividades relacionadas coas propostas para asimilar os estilos musicais do repertorio a traballar e o desenrolo da expresividade. Se as clases non presenciais correspondesen coas últimas semanas de clase do cuadrimestre as actividades propostas serán de reforzo.</p> <p>Adaptación ao ensino non presencial. As sesións realizaranse no horario habitual do alumno. Darase prioridade as clases telemáticas presenciais, en directo, se os medios tecnolóxicos o permiten, ou no seu defecto por entrega de gravación das actividades propostas polo profesor. Neste último caso a gravación será enviada ao profesor a lo menos 2 horas antes do horario da súa clase. Manterase as actividades que se determinan na programación agás aquelas que se relacionen co estudio do repertorio con instrumento acompañante.</p>			

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
<p>Valoración dos exercicios técnicos, estudos e obras propostos polo profesor en cada unha das clases. Durante o cadrimestre deberán traballar non menos de tres estudos de F. Gillet: Estudos para a técnica superior do óboe, e 3 obras de diferentes estilos.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Fidelidade ao texto. 2. Nivel técnico. Desenrolo ó longo do cuatrimestre. 3. Execución rítmica precisa e segura. 4. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 5. Coherencia e rigor estilístico na interpretación. 6. Autonomía no traballo amosado. 	Todas	50%
<p>Exame de estudos e escalas (3º, 4º, 5º). O alumno tocará un estudio entre os 3 traballados no cuatrimestre.</p> <p>Audicións públicas con acompañamento de piano* (cando así o demande o repertorio)</p> <p>*Sempre que sexa posible a participación do Prof. Pianista acompañante</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 2. Fidelidade ao texto. 3. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 4. Comprensión do discurso musical 5. Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos e interpretación de memoria do repertorio. 	Todas	25%
<p>Adaptación ao ensino mixto. As clases realizadas da maneira telemática formarán parte da avaliación continua. No caso no que os exames coincidiran en período de ensino non presencial, e sempre que non houbera posibilidade de adaptar as datas para facelo presencialmente, fariase telemáticamente, dando prioridade ao formato telemático en directo. Se non fora posible, as probas realizaríanse mediante gravación.</p> <p>Adaptación ao ensino non presencial. As clases realizadas da maneira telemática formarán parte da avaliación continua. Os exames faranse telemáticamente, dando prioridade ao formato telemático en directo. Se non fora posible, as probas realizaríanse mediante gravación.</p>			
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
<p>Audición pública. Exame de Estudos: Interpretarase dous estudio a elección do profesor de entre tres presentados polo alumno. Os estudos deberán ser diferentes ós traballados en cursos anteriores.</p> <p>Exame de obras. Interpretarase dúas obras de entre as reflexadas no punto 7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS. As obras deberán ser diferentes ás traballadas en cursos anteriores.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 2. Fidelidade ao texto. 3. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 4. Solvencia técnica. 5. Comprensión do discurso musical. 6. Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos 	Todas	100%
<p>Adaptación ao ensino mixto. No caso no que os exames coincidiran en período de ensino non presencial, e sempre que non houbera posibilidade de adaptar as datas para facelo presencial, fariase telemáticamente, dando prioridade ao formato telemático en directo. Se non fora posible, as probas realizaríanse mediante gravación.</p> <p>Adaptación ao ensino non presencial. Os exames faranse telemáticamente, dando prioridade ao formato telemático en directo. Se non fora posible, as probas realizaríanse mediante gravación.</p>			
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) Os alumnos que acumulen 4 faltas perderán o dereito á avaliación continua e terán dereito a unha avaliación alternativa.			
<p>Audición pública. Exame de Estudos: Interpretarase dous estudio a elección do profesor de entre tres presentados polo alumno. Os estudos deberán ser diferentes ós traballados en cursos anteriores.</p> <p>Exame de obras. Interpretarase dúas obras de entre as reflexadas no punto 7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS. As obras deberán ser diferentes ás traballadas en cursos anteriores.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 2. Fidelidade ao texto. 3. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 4. Solvencia técnica. 5. Comprensión do discurso musical. 6. Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos 7. Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos 	Todas	100%



Adaptación ao ensino mixto.

No caso no que os exames coincidiran en período de ensino non presencial, e sempre que non houbera posibilidade de adaptar as datas para facelo presencial, fariase telemáticamente, dando prioridade ao formato telemático en directo. Se non fora posible, as probas realizaríanse mediante gravación.

Adaptación ao ensino non presencial.

Os exames faranse telemáticamente, dando prioridade ao formato telemático en directo. Se non fora posible, as probas realizaríanse mediante gravación.

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Audición pública.

Exame de Estudos:

Interpretarase dous estudio a elección do profesor de entre tres presentados polo alumno. Os estudos deberán ser diferentes ós traballados en cursos anteriores.

Exame de obras.

Interpretarase 2 obras de 3 que presente o alumno de entre as reflexadas no punto 7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS.

1. Execución rítmica precisa e segura.
2. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas.
3. Fidelidade ao texto.
4. Coherencia e rigor estilística na interpretación.
5. Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos e interpretación de memoria do repertorio.

Todas

100%

Adaptación ao ensino mixto.

No caso no que os exames coincidiran en período de ensino non presencial, e sempre que non houbera posibilidade de adaptar as datas para facelo presencial, fariase telemáticamente, dando prioridade ao formato telemático en directo. Se non fora posible, as probas realizaríanse mediante gravación.

Adaptación ao ensino non presencial.

Os exames faranse telemáticamente, dando prioridade ao formato telemático en directo. Se non fora posible, as probas realizaríanse mediante gravación.

7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

1.1. MÉTODOS

- Bleuzet, L. - Technique du Hautbois, Vol. 1 y 2, par l'étude rationnelle des gammes. Alphonse Leduc
 Bozza, E. - Dix- Huit Études pour hautbois. [Alphonse Leduc](#)
 Crozzoli, S. - 12 Studi poliritmici per oboe. Edizioni Curci
 Debondue, A. - 12 Estudios para oboe. Alphonse Leduc
 Gillet, F. - Études pour l'enseignement supérieur du hautbois. [Alphonse Leduc](#)
 Lamorlette, R. - 12 études pour hautbois. [Alphonse Leduc](#),
 Pasculli, A. - 15 Capricci a guisa di studi. Ricordi
 Silvestrini, G. - 6 Etudes pour Hautbois. Joinville-le-Pont: Édition de Haubois, [2001?]

1.2. OBRAS

1.2.1. Óboe solo

- Berio, L. - Sequenza VII Per Oboe Solo. Universal Edition
 Britten, B. - Op. 49 Six Metamorphoses after Ovid. Hawkes & Son
 Bach, C. P. E. - Wq 132 (H 562) - Sonate für Föte solo. Schott/Universal Edition
 Bach, J.S. - Partita for solo oboe in G Minor. BWV 1013. Bärenreiter (Urtext)
 Denisov, E. - Solo. Pro Musica Nova. Estudios zum Spielen Neuer Musik. Breitkopf
 Dorati, A. - Cinq Pieces pour le Hautbois. Boosey & Hawkes
 Holliger, H. - Sonate per Oboe. Schott Musik International
 Telemann, G. F - 12 Fantasías. Musica Rara
 Tomasi, H. - Evocations for solo oboe. Alphonse Leduc

1.2.2. Oboe e contínuo

- Bach, C.P. E. - sonata en sol m H 549, w 135. Amadus
 Bach, J. S. - Sonata en sol m BWV 1030 b. Peters
 Couperin, F. - Concerts Royaux. Musica Rara
 Geminiani, F. - Sonata I flute or violin or oboe and bc. Bärenreiter

1.2.3. Oboe e Piano

- Doráti, A. - Dúo Concertante. Boosey & Hawkes
 Dutilleux, E. - Sonata. Alphonse Leduc
 Kalliwoda, J.W. - Morceau de salón Op. 110. Nova Music
 Koechlin, Ch. - Sonate. Max Eschig
 Lutoslaswki, W. - Epitafium. Chester Music
 Milhaud, D - Sonatine For Oboe and Piano. Durand
 Schumann, R. - Adagio et allegro, Op. 70. International Music Company
 Schumann, R. - Tres Romanzas, Op.p4. Musica Budapest
 Skalkottas, N. - Concertino para oboe y piano. Margun Music

1.2.4. Concertos

- Bach, J.S. - Concierto en Fa M. Nova Music
 Bach, J.S. - Concierto en Re m. Edition Kunzelmann
 Ferrer Martínez, F. - El Bosque Mágico
 Goossens, E. - Concerto en un Mouvement. Op.45. Alphonse Leduc
 Hummel, J.N. - Introduction, Theme & Varations Op. 102. Musica Rara
 Ibert, J. - Symphonie Concertante. Alphonse Leduc
 Lebrum, L. - Concerto en Do M. Karthaus
 Lebrum, L. - Concerto en Sol m. Karthaus
 Martinu, B. - Concerto per oboe & orch. Durand
 Mozart, W.A. - Concerto en Do M, KV 314 (285). Bärenreiter Urtext
 Pasculli, A.- Gran Concierto su temi dell'opera "I Vispri Siciliani" di Verdi. Musica Rara
 Strauss, R. - Concierto. Boosey & Hawkes
 Vaughan-Williams, R. - Oboe Concerto. Oxfodt University Press
 Zimmermann, B. A. - Concerto for Oboe

1.2.5. Obras para corno inglés

- Beethoven L van.- Sonata Op.17 para trompa. Adaptación cotno inglés
 Donizetti, G.- Concertino. Litolff/Peters
 Hindemith, P.- Sonata. Schott's Söhne 1942
 Bozza, E.- Lied. Alphonse Leduc.
 Bell, D.- Three Transcendental Concert Studies. Il Légende. Amoris International
 Weber, C M.- Concertino para trompa e orquesta. Redución para Corno Inglés

1.2.6. Bibliografía complementaria

- Studien zum Spielen Neuer Musik. Pro Musica Nova. Breitkopf
 Peter Veale; Claus-Steffen Mahnkopf – The Technique of Oboe Playing. Bärenreiter



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

8. OBSERVACIÓNS